

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CARPETA 01.MX

ANEXO II. INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

1. Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable 3
2. Decreto 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do camiño de santiago do norte, camiño portugués, ruta da prata e camiño de fisterra ao seu paso polo termo municipal de santiago de compostela 5



1. INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

No plano de información xeral núm. 4 reflíctense as afeccións que resultan da normativa sectorial aplicable, sobre o ámbito territorial obxecto da presente Modificación puntual.

A modificación puntual incorpora no seu ámbito a delimitación dos distintos elementos catalogados aprobada e en vigor (xacemento e petróglifo do Castriño de Conxo, e Camiño Portugués), e inclúe na súa normativa o réxime de protección e de autorizacións aplicable no ámbito de protección.

En todo caso, no ámbito do SUD 9-10 serán as ordenanzas do futuro plan de desenvolvemento (plan parcial) as que definirán as condicións aplicables aos terreos afectados, de acordo coa normativa de protección do elemento catalogado e co previo informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Ata tanto non se aprobe o Plan parcial do SUD-9-10, calquera actuación nos ámbitos de protección rexerase polo disposto nos artigos 174 e seguintes do PXOM e someterase á autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (artigo 39 da LPCG)

Por outra banda, parte do ámbito do SUD 9-10 atópase dentro da zona de policía do regato de Volta do Castro, de xeito que calquera obra ou traballo precisará autorización previa do organismo competente, por aplicación do disposto no artigo 14.bis, apartado 5, do RD 849/1986 (Regulamento do dominio público hidráulico -RDPH-)

De conformidade co esixido polo artigo 39.2 da Lei 10/2014 de accesibilidade, a memoria da Modificación inclúe un apartado xustificativo do cumprimento da normativa de accesibilidade.

Así mesmo, incorpora un Estudo da paisaxe, proporcionado ao alcance da modificación e específico para o lugar (directriz de paisaxe DX-03), en cumprimento do esixido polo artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020)

Non se aprecian no ámbito territorial da Modificación outras afeccións sectoriais distintas das indicadas, sen prexuízo do que resulte dos informes que haberán de solicitarse, durante ao trámite de información pública, aos órganos competentes en materia de telecomunicacións (artigo 35 da Lei 9/2014 de telecomunicacións) e aviación civil (disposición adicional 2ª do RD 2591/1998, e artigo 29 do Decreto 584/1972).

Sen prexuízo do anterior, corresponde á Consellería solicitar os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos (artigo 60.7 da LSG), incluído o da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (artigo 34.2 da LPCG), o do Instituto de Estudos do Territorio relativo á paisaxe (artigos 7.2 da Lei 7/2008 e 41.1 do seu Regulamento). De estimarse procedente, solicitarase tamén o informe do organismo autonómico Augas de Galicia (artigos 25.4 do RD lexislativo 1/2001 e 22.3 do RD lexislativo 7/2015)

Santiago de Compostela
A xefa da Sección de Xestión Urbanística
Técnica de administración xeral

2. DECRETO 154/2013, DO 5 DE SETEMBRO, POLO QUE SE APROBA A DELIMITACIÓN DOS TRAMOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO NORTE, CAMIÑO PORTUGUÉS, RUTA DA PRATA E CAMIÑO DE FISTERRA AO SEU PASO POLO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA